

“Ó estar paralizados todos os ramos de actividade, os empregos cesaron, desaparecendo o traballo e, con el, o pan dos pobres; e os xemidos dos pobres eran, certamente, moi desgarradores ó principio, si ben o reparto de limosnas aliviou a súa miseria nese sentido.

Certo é que moitos escaparon o campo, mais houbo miles deles que permaneceron en Londres ata que a pura desesperación impulsoulles a salir da cidade, ó solo fin de morrer nos camiños servir de mensaxeiros da morte, pois houbo quen levou consigo a infección e a diseminaron ata os confins máis remotos do reino.

Moitos deles eran os miserables seres de obxecto da desesperación a que aludin antes; e foron aniquilados pola desgracia que sobreveu despois, podendo decirse que pereceron, non pola peste mesma, senon polas súas consecuencias; sinaladamente, de fame e de escaseza de todas as cousas elementais, sen aloxamento, sen cartos, sen amigos, sen medios para conseguir o seu pan de cada día nen ninguén que llelo proporcionase, xa que moitos deles carecían do que chamamos residencia legal e por elo non podían pedir nada ás parroquias. (...).

Todo isto, se ben non deixa de ser moi triste, representou unha liberación, xa que a peste, que arreciou dun xeito horroroso desde mediados de agosto ata mediados de outubro, levou durante ese tempo a unhas trinta ou corenta mil persoas destas, as cales, de sobreviviren, serían unha carga demasiado pesada debido á su pobreza.”



Daniel Defoe. Diario do ano da peste (referido á epidemia de 1722).



Representación da familia Bach. Por Toby E. Rosenthal. 1870

“A nosa familia non cesaba de aumentar e o berce estaba constantemente ocupada, aínda que, ¡ai!, a man estranguladora da morte arrancáranos dela a algún dos seus pequenos ocupantes. Houbo tempos, teño que confesalo, nos que me parecía cruel levar fillos no ventre para perdelos logo e ter que soterrar amor e esperanzas nas súas pequenas tumbas (...). A maior das miñas fillas, Cristina Sofía, non viviu máis que ata a idade de tres anos, e tamén o meu segundo fillo, Christian Gottlieb, morreu á máis tenra idade. Ernesto Andrés non viviu máis ca uns poucos días máis, e a miniña que lle seguiu, Rexina Xoana, tampouco chegou ó seu quinto cumpleanos cando deixou este mundo. Cristina Benedicta, que viu a luz un día despois que o do Neno de Belén, non poido resistir o crudo inverno e deixounos antes de que o novo ano chegase ó seu cuarto día (...) Cristina Dorotea non viviu máis ca un ano e un verán, e Xoán Augusto non viu a luz máis que durante tres días. Así perdimos sete dos nosos trece fillos, (...) bondadosas mulleres da vecindade trataban de consolarme dicíndome que o destino de todas as nais é traer fillos a este mundo para perdelos logo, e que podía considerarme feliz si chegaba a criar a metade dos que houberse dado a luz.”

A pequena crónica de Anna Magdalena Bach.

Texto anónimo, probablemente escrito no S XIX, sobre a familia do compositor J.S. Bach (1.685 – 1.750)e a súa segunda esposa Anna Magdalena Bach (1.701 – 1.760)

“ A hixiene brilla pola súa ausencia. (...) ... en Madrid. As beirrrúas on xistian. A falta de retretes, os portais cuimprían tal función. As rúas, por outra parte, recollían todas as inmundicias e excrementos das casas. O 23 de setembro de 1.639 pregonábase en Madrid:

Que ningunha persoa vacíe polas ventás e canalóns de auga, nin inmundicias, nin outras cousas, senon polas portas das rúas...

En 1.681, Xoán bautista Juanini publicaba nun tratado no que se demostraba a malsana atmosfera que se respiraba en Madrid, “ xa que o non chegar a vellos (os madrileños) depende do ambiente salitroso e ás exhalacións de vapores dos excrementos continuos que nas súas rúas se botan e misturadas as unhas coas outras, causan enfermidades, que en beves días matan sen saber nen poder moitas veces calificar o xénero da enfermidade.”

Cadernos de Historia 16 nº 130: La vida en el Siglo de Oro (y 2) (Ricardo García Cárcel)



"Na época que nos ocupa reinaba nas cidades un fedor apenas cocebible para o home moderno. As rúas apestaban a esterco, os patios interiores apestaban a ouriños, os ocios das escaleiras apestaban a madeira podrecida e excrementos de rata; as cocinas, a col podrecida e graxa de carneiro; os aposentos sen ventilación apestaban a po enmohecido; os dormitorios, a sabas grasientas, a edredóns húmidos e ao penetrante cheiro dulzón dos orinais. As chemineas apestaban a xofre; as curtidurías, a lexías cáusticas; os matadoiros, a sangue coagulada. Homes e mulleres apestaban a suor e a roupa sucia; nas súas bocas apestaban os dentes infectados, os alentos cheiraban a cebola e os corpos, cando xa non eran novos, a queixo rancio, a leite agre e a tumores malignos.

Apestaban os ríos, apestaban as prazas, apestaban as igrexas e o fedor respirábase por igual baixo as pontes e nos palacios. O campesiño apestaba como o clérigo; o oficial de artesanía, como a esposa do mestre; apestaba a nobreza enteira e, si, ata o rei apestaba como un animal carniceiro e a raíña como unha cabra vella, tanto no verán como no inverno, porque no século XVIII aínda non se atallou a actividade corrosiva das bacterias e por conseguinte non había ningunha acción humana, nin creadora nin destrutora, ningunha manifestación da vida incipiente ou en decadencia que non fose acompañada dalgún fedor.

Patrick Süskind. O Perfume.(1.985)